

Sr. Director do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS)
P.º Área Central, S/n
15707, Santiago de Compostela (A Coruña)

Reclamante: Dna. XXX
Expediente. Nº **RSCTG 48/2024**

Correo electrónico: XXX

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por Dna. XXX mediante escrito do 4 de marzo de 2024, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 30 de Abril de 2024, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. Dna. XXX presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 4 de Marzo de 2024, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución notificada o 20 de febreiro de 2024, pola que se lle denega o acceso ao número de vivendas que ten dispoñibles o Instituto Galego de Vivenda e Solo, indicando as que están en condicións de ser habitada de xeito inmediato ou se precisa algún tipo de rehabilitación, número de vivendas dispoñibles por Concello e as destinadas a emerxencia social.

A reclamante indica que na resolución que se lle notificou, denégase o acceso á información en base a que podería ter consideración de datos especialmente protexidos por estar destinadas as vivendas principalmente a persoas en situación de vulnerabilidade.

Indica que a súa solicitude non reclama datos identificativos nin que por vía indirecta permitan identificar a ningunha persoa, nin se pide tampouco a ubicación exacta das vivendas, senón que a petición refírese unicamente aos datos do número de vivendas dispoñibles, clasificados por estado e por concello no que se atopan.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 5 de Marzo de 2024 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola Administración foi o 14 de marzo de 2024, sen que pola Administración se remitise o informe e copia de expediente solicitado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera

que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

De acordo coa información facilitada pola reclamante, a resolución impugnada notificóuselle o 20 de febreiro de 2024 e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 4 de marzo de 2024, polo que debe admitirse por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

A interesada solicitou acceso ao número de vivendas que ten dispoñibles o Instituto Galego de Vivenda e Solo, con indicación das que están en condicións de ser habitada de xeito inmediato e as que precisan algún tipo de rehabilitación, número de vivendas dispoñibles por Concello e as destinadas a emerxencia social.

O IGVS denega a solicitude dado que podería conter datos especialmente protexidos por estar destinadas as vivendas principalmente a persoas en situación de vulnerabilidade.

O certo é que a interesada non solicitou acceso a datos identificativos, senón o número de vivendas, o seu estado e o Concello no que se atopan.

Pola Comisión da Transparencia solicitouse ao Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) a aportación do seu criterio mediante a remisión de informe e copia do expediente, que non se recibiu, o que obriga a continuar a tramitación do expediente sen os seus argumentos.

O feito de que a Administración non dera contestación á solicitude de informe sobre a reclamación no marco deste procedemento, dificulta considerablemente o cumprimento da función de garantía encomendada a esta Comisión, ao non proporcionarlle a valoración que ao órgano reclamado merecen os motivos nos que se sustenta o recurso, co fin de que poida dispoñer dos elementos de xuízo necesarios para pronunciarse sobre a procedencia ou non de conceder o acceso á información solicitada.

Con todo, a falta de resposta ao requirimento de alegacións non pode afectar a eficacia o exercicio dun dereito de rango constitucional, como é o dereito de acceso á información pública.

Dado que o solicitado é o acceso ao número de vivendas que ten dispoñibles o Instituto Galego de Vivenda e Solo, con indicación das que están dispoñibles por ser habitables e as que non o están e por tanto necesitan rehabilitación, así como o número de vivendas dispoñibles por Concello e as destinadas a emerxencia social, non pode aceptarse que o acceso a dito dato, sexa unha información protexida, xa que da dita información, non é posible identificar a persoa algunha que se atope en situación de vulnerabilidade, polo que non se considera xustificada a denegación do acceso á información solicitado.

Debe lembrarse ao IGVS, de conformidade co disposto no artigo 35 da Lei 1/2016, a súa obriga de remitir a esta Comisión os informes que se lle requiran, para o correcto cumprimento das súas funcións en materia de transparencia.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por Dna. XXX con data do 4 de marzo de 2024, contra a Resolución notificada o 20 de febreiro de 2024, pola que se lle denega o acceso ao número de vivendas que ten dispoñibles o Instituto Galego de Vivenda e Solo, indicando as que están en condicións de ser habitada de xeito inmediato ou se precisa algún tipo de rehabilitación, número de vivendas dispoñibles por Concello e as destinadas a emerxencia social.

Segundo: Instar ao IGVS a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada de acordo co indicado no fundamento xurídico quinto desta resolución, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar ao IGVS a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.